

Arrancando ao volapé

Xa está o touro no medio e medio
do rodo, o sangue púrpura
salpica de rubís o albeiro
as banderillas abanéanse
cos alterados arquexos da besta.
-Hai que ter arrestos
para levar a cabo esta sorte-,
comenta o político do palco presidencial
co puro entre uns dedos de manicura.
Cambio de terzo;
acabáronse os pases de peito
xa chega a hora da verdade.
-Que valor hai que ter, si
que arte-, din outros.
Silencio,
o destro cambia o estoque ornamental
polo de matar.
Camiña peito arriba e nádegas pretas
deixándose ver do hastado;
o touro parado
observa a manobra do home;
vai cara a el, a modo
e recto, arrancando a *volapé*
acadando a humillación
da besta,
co *embroque*:
a man esquerda do destro
achegálle a muleta aos fociños
baixándollos ata o chan
para que se humille ben
-así debe indicarse ao touro
o camiño-
para librarse da arremetida
e meterlle o estoque
pouco a pouco
deixando que asome limpo
polo costelar.
Dá as grazas ao Santísimo
os panos brancos enchen as bancadas,
o respectable erotizado co rito gore.
Un alguacil seccionará as orellas
e o rabo do animal, que boa faena!
Un carro con dous bois mansos
virán recoller os vestixios da lidia,
debuxando un camiño de dor
con pingas de rubí.

Os mozos enfebrecidos
alzan a ombros ao matador
ao heroe ensanguentado
que exhibe nas mans
os apéndices da súa vítima.
A festa do sangue celébrase durante uns minutos,
ata o seguinte sacrificio.

Decembro 2009